

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: IES PEDRAS RUBIAS
CURSO: 1º ESO
MATERIA: Bioloxía e Xeoloxía
DEPARTAMENTO: Ciencias da Natureza
DATA: 17/05/2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
BX-B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.	1º-BXB1.1.1 - Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.
BX-B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico, e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	1º-BXB1.2.1 - Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.
	1º-BXB1.2.2 - Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.
	1º-BXB1.2.3 - Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.
BX-B2.1. Recoñecer as ideas principais sobre a orixe do Universo, e a formación e a evolución das galaxias.	1º-BXB2.1.1 - Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo.
BX-B2.2. Expor a organización do Universo e do Sistema Solar, así como algunhas das concepcións que sobre este sistema planetario se tiveron ao longo da historia.	1º-BXB2.2.1 - Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais.
BX-B2.3. Relacionar comparativamente a posición dun planeta no sistema solar coas súas características.	1º-BXB2.3.1 - Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.
BX-B2.4. Localizar a posición da Terra no Sistema Solar.	1º-BXB2.4.1 - Identifica a posición da Terra no Sistema Solar.
BX-B2.5. Establecer os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e relacionalos coa existencia do día e a noite, as estacións, as mareas e as eclipses.	1º-BXB2.5.1 - Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida.
	1º-BXB2.5.2 - Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.
BX-B2.6. Identificar os materiais terrestres segundo a súa abundancia e	1º-BXB2.6.1 - Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes

a distribución nas grandes capas da Terra.	nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade. 1º-BXB2.6.2 - Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación.
BX-B2.7. Recoñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas, distinguir as súas aplicacións máis frecuentes e salienta a súa importancia económica e a xestión sustentable.	1º-BXB2.7.1 - Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciarlos. 1º-BXB2.7.2 - Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá. 1º-BXB2.7.3 - Recoñece a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais.
BX-B2.8. Analizar as características e a composición da atmosfera, e as propiedades do aire.	1º-BXB2.8.1 - Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera. 1º-BXB2.8.2 - Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe. 1º-BXB2.8.3 - Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.
BX-B2.9. Investigar e recoller información sobre os problemas de contaminación ambiental actuais e as súas repercusións, e desenvolver actitudes que contribúan á súa solución.	1º-BXB2.9.1 - Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.
BX-B2.10. Recoñecer a importancia do papel protector da atmosfera para os seres vivos e considerar as repercusións da actividade humana nela.	1º-BXB2.10.1 - Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera.
BX-B2.11. Describir as propiedades da auga e a súa importancia para a existencia da vida.	1º-BXB2.11.1 - Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.
BX-B2.12. Interpretar a distribución da auga na Terra, así como o ciclo da auga e o uso que fai dela o ser humano.	1º-BXB2.12.1 - Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.

BX-B2.13. Valorar e identificar a necesidade dunha xestión sustentable da auga e de actuacións persoais e colectivas que potencien a redución do consumo e a súa reutilización.	1º-BXB2.13.1 - Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión.
BX-B2.14. Xustificar e argumentar a importancia de preservar e non contaminar as augas doces e salgadas.	1º-BXB2.14.1 - Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas
BX-B2.15. Seleccionar as características que fan da Terra un planeta especial para o desenvolvemento da vida.	1º-BXB2.15.1 - Describe as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra.
BX-B3.1. Recoñecer a importancia da biodiversidade e as características morfolóxicas principais dos grupos taxonómicos.	1º-BXB3.1.1 - Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.
BX-B3.2. Categorizar os criterios que serven para clasificar os seres vivos e identificar os principais modelos taxonómicos aos que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	1º-BXB3.2.1 - Identifica e recoñece exemplares característicos de cada un destes grupos, e salienta a súa importancia biolóxica.
BX-B3.3. Describir as características xerais dos grandes grupos taxonómicos e explicar a súa importancia no conxunto dos seres vivos.	1º-BXB3.3.1 - Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.
BX-B3.6. Utilizar claves dicotómicas ou outros medios para a identificación e a clasificación de animais e plantas.	1º-BXB3.6.1 - Clasifica e identifica animais e plantas a partir de claves de identificación.
BX-B5.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo.	1º-BXB5.4.1 - Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.
BX-B5.5. Expor e defender en público o proxecto de investigación realizado.	1º-BXB5.5.1 - Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.
	1º-BXB5.5.2 - Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	<p>Procedementos:</p> <p>Traballo do alumnado consistente en un boletín de actividades por semana (subido á páxina Web do centro), especificando o tema do libro e os apartados que se van a traballar; así como as tarefas recomendadas para repasalos: en xeral son esquemas e actividades sinxelas como crucigramas, relaciona columnas, cuestionarios, ruletas de palabras...(estas actividades envíanse no arquivo semanal; pero tamén se poden facer online nas aplicacións <i>Educaplay</i>, <i>Quizizz</i> e <i>Kahoot</i>).</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Envío das actividades por correo electrónico e posterior corrección das mesmas. - Das aplicacións online <i>Educaplay</i>, <i>Quizizz</i> e <i>Kahoot</i> sacaranse as estatísticas de xogo. - Instrumentos para a súa autoavaliación: unha vez entregadas as tarefas, o alumnado recibirá un arquivo coas correccións para que podan auto-corrixirse.
	<p>Criterios de cualificación :</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entrega do 60% das actividades propostas: 30% da nota final - Nota ou calidade das actividades: o 70% restante
CUALIFICACIÓN FINAL	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Media aritmética da 1ª e 2ª avaliación (despois de ser recuperadas, de ser o caso) - Realización e entrega das actividades propostas durante a 3ª avaliación: 10% adicional
PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • No caso de ser presencial: <ul style="list-style-type: none"> ○ Proba escrita: 100% Cualificación • No caso de non ser presencial: <ul style="list-style-type: none"> ○ Entrega de traballo/actividades: 100% Cualificación
ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización e entrega do boletín de exercicios específico.
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Entregar o boletín: 30% da nota • Facer os exercicios do boletín de xeito adecuado: 70% da nota • Deberase obter unha cualificación, en base ás porcentaxes anteriores, igual ou superior a 5. A nota final será neste caso dun 5.

	Procedementos e instrumentos de avaliación:
--	--

- Envío e posterior corrección dos traballos escrito.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

ACTIVIDADES	ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN
	Dirixidas ao alumnado con avaliacións suspensas, co fin de que poidan recuperalas: - Boletín con actividades de repaso por temas traballados durante a 1ª e a 2ª avaliación.
	ACTIVIDADES DE REPASO
	Dirixidas a consolidar as aprendizaxes do 1º e 2º trimestre: - Boletín con actividades de repaso por temas traballados durante a 1ª e a 2ª avaliación.
	ACTIVIDADES DE REFORZO
	Tarefas dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe: - Boletíns con actividades máis sinxelas, esquemáticas e visuais para repasar a materia traballada ata o momento de suspensión das clases.
METODOLOXÍA	ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN
	Son as que permiten continuar construíndo coñecementos e afondar neles para superar con facilidade os obxectivos propostos. Estas actividades pódense plantexar cun nivel superior de elaboración ou tamén solicitar que as realicen cun maior grado de autonomía: - Cada 15 días inclúese no boletín de actividades de repaso unha proposta de <u>proyecto de ampliación</u> relacionado coa materia a repasar durante esas dúas semanas.
METODOLOXÍA	ALUMNADO CON CONECTIVIDADE
	<ul style="list-style-type: none"> ○ Proposta dun boletín de actividades semanalmente na Web do centro. ○ Correccións semanais na Web do centro e tamén corrección individual por correo electrónico (especialmente dos esquemas). ○ Resolución de dúbidas: <ul style="list-style-type: none"> - Correo electrónico. - Whatsapp. - Chamada telefónica. - Titorías programadas por videoconferencia.
MATERIAIS E RECURSOS	ALUMNADO SEN CONECTIVIDADE
	<ul style="list-style-type: none"> ● Entrega de tarefas en man vía Protección Civil.
MATERIAIS E RECURSOS	<ul style="list-style-type: none"> ● Libro de texto e Apuntamentos da clase. ● Enderezos Web: <i>Educaplay</i>, <i>Quizizz</i> e <i>Kahoot</i>

	<ul style="list-style-type: none"> • Boletíns de actividades a descargar da Web do centro. • Recursos dixitais: <ul style="list-style-type: none"> ○ todo o alumnado dispón de ordenador. ○ Correo electrónico. ○ Web do centro. ○ Abalar Móbil ○ Webex
--	---

4. Información e publicidade	
INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> • Abalar Móbil • Correo electrónico • Web do centro • Chamada telefónica
PUBLICIDADE	<ul style="list-style-type: none"> • Publicación obrigatoria na páxina Web do centro. • Aviso de publicación por Abalar Móbil